Picea abies (L.) H. Karst, 2010

- abeto vermello/do norte/rubio/falso/de Nadal
- abeto rojo, árbol de Navidad
- izei gorria
- avet roig
- Norway spruce
- abeto vermelho



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISIÓN	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Pinophyta	**Pinopsida**	**piñales**	**piñaceae**	***Picea***

ORIXE

Europa montana.

CARACTERÍSTICAS

Planta de porte arbóreo duns 35 m de alto. Tronco erecto, cilíndrico e moi alto. Codia pardo-avermellada e escamosa en exemplares adultos. Madeira clara, lixeira e elástica. Copa cónica con pólas dispostas en verticilos e aspecto moi simétrico. Follas tipo acículas solitarias, curtas, ríxidas e de sección cuadrangular. De cor verde escura e brillantes. Conos masculinos pequenos, amarelos e avermellados. Conos femininos verdes ou rosados ao inicio. Florece na primavera. Froito leñoso en forma de cono con escamas delgadas e sementes aladas no interior. Os froitos medran no outono.

HÁBITAT

Bosques montañosos boreais. Prefiren climas fríos e húmidos. Crecen en solos frescos, ácidos e ben drenados.

DISTRIBUCIÓN

Dominante na taiga europea así como nos Alpes, Os Cárpatos e Escandinavia. Amplamente plantada en Europa occidental e no norte de América.

CURIOSIDADES

É unha das especies máis empregadas tradicionalmente como árbore de Nadal. A súa madeira é moi apreciada na elaboración de instrumentos como violíns, guitarras ou pianos.